



Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	Lingua e Variación no Espazo Galego-Portugués	Código	613G02042	
Titulación	Grao en Galego e Português: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	4.5
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Ferreiro Fernandez, Manuel	Correo electrónico	manuel.ferreiro@udc.es	
Profesorado	Ferreiro Fernandez, Manuel Sanchez Rei, Xose Manuel	Correo electrónico	manuel.ferreiro@udc.es x.m.sanchez.rei@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Análise teórico-práctica dos principais factores que inciden na variación lingüística, ben como dos fenómenos dialectais máis salientábeis do ámbito galego-portugués.			



Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos Sen modificacións.</p> <p>2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen En maior ou menor medida, mantéñense todas, cos cambios derivados dunha situación de non presencialidade.</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican ?Sesión maxistral: é substituída polo envío a cada un(ha) dos estudantes por materiais a través de medios telemáticos (e-mail, moodle) e/ou por explicación directa a través de Teams. ?Obradoiro: as actividades de Obradoiro pasan a se realizar por medios telemáticos (e-mail, moodle, Teams). ?Lecturas obrigatorias xa previamente fixadas: mantense a lectura obrigatoria da obra indicada na guía e o seu control será realizado a través do resumo/recensión (8-10 páxinas) que será entregada (por e-mail) conforme o calendario inicial e as normas de presentación fixadas no inicio do curso. ?Traballo tutelado: mantense segundo a programación inicial (estrutura, extensión, data de entrega), mais as consultas co profesor realizaranse exclusivamente a través de medios telemáticos. ?Proba mixta: o exame presencial será substituído por unha proba asíncrona que será enviada por correo electrónico ao/á estudante no día anterior á data oficial do exame para realizar na súa casa. Data e hora de entrega telemática: no día oficial do exame, dúas horas despois da hora marcada para o seu inicio.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado Correo electrónico, Moodle, Teams: cando for necesario contactarase persoal ou grupalmente cos estudantes para comunicación de instrucións, atendimento de cuestións e/ou exposición de contidos a través do envío de materiais diversos ou de explicación directa por medio de Teams.</p> <p>4. Modificacións na avaliación. Observacións: Obradoiro (10%): Será valorada a actividade derivada das sesións maxistras durante o período de docencia presencial e tamén as actividades derivadas da docencia non presencial. O seu valor redúcese do 20% ao 10%. Lecturas (15%): Avaliarase a lectura reflexiva dos materiais bibliográficos fixados no inicio do curso: capacidade de síntese, rigor e clareza expositiva, calidade lingüística da expresión. Traballo Tutelado (35%): Valorarase fundamentalmente a profundidade e o rigor da pesquisa, a clareza expositiva e a calidade expresiva. O valor pasa de 25% ao 35%. Proba mixta (40%): Constitúe unha proba con elementos diversos, onde serán valoradas cuestións tales como os contidos, as lecturas, a capacidade analítica de textos, a clareza e rigor expostivo, e a calidade lingüística das respostas.</p> <p>*Observacións de avaliación: Os catro resumos de lectura serán entregados consecutiva e telematicamente nas datas fixadas no inicio do curso. Na 1ª oportunidade a data de entrega do Traballo tutelado será a do exame oficial. A data de remisión por parte do alumnado da Proba mixta (enviada polo profesor na véspera) será a fixada oficialmente para o exame. Na 2ª oportunidade, en xullo, o alumnado será avaliado cos mesmos criterios que na ocasión anterior. A Proba mixta será enviada telematicamente na véspera do día do exame e o alumnado deberá remitila ao profesor o día marcado para o exame, dúas horas despois do seu inicio. A data de entrega do Traballo tutelado é a mesma que a fixada oficialmente para a Proba mixta.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Sen modificacións.</p>
-----------------------------	---

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.



A10	Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións.
A15	Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.
A25	Coñecer a variación lingüística da lingua galega.
A26	Coñecer a variación lingüística da lingua portuguesa.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B2	Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B8	Apreciar a diversidade.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria	A1 A10 A15 A25 A26	B3 B5 B8
Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións	A10		
Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica	A15		
Coñecer a variación lingüística da lingua galega	A25		
Coñecer a variación lingüística da lingua portuguesa	A26		
Adquirir capacidade de autoformación.		B3	
Apreciar a diversidade		B8	
Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.			C7
Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade		B1 B2	C8

Contidos	
Temas	Subtemas
1. A variación lingüística	1.1. Perspectivas sobre os tipos de variacionismo 1.2. Orixe e límites da variación 1.3. Lingua, dialecto, variedade
2. A dialectoloxía	2.1. Definición e orientacións 2.2. Cuestións de método 2.3. O caso da Galiza 2.4. Tipoloxía dos fenómenos de variación lingüística
3. Dialectoloxía, filoloxía e lingüística	3.1. Dialectoloxía e lingüística histórica 3.2. Dialectoloxía e onomástica 3.3. Dialectoloxía, estruturalismo e xenerativismo
4. Variación diatópica nos falares galegos	4.1. Introducción 4.2. Principais fenómenos de variación
5. Variación diatópica nos falares portugueses	5.1. Introducción 5.2. Principais fenómenos de variación

Planificación



Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A25 A26 B2 B5	15	22.5	37.5
Obradoiro	A10 A15 B8	14	28	42
Lecturas	A10 B1 B3 B5	1	12	13
Traballos tutelados	A15 B1 B2 B3 B5 C7 C8	1	12	13
Proba mixta	A15 A25 A26 B5	1	5	6
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Sesión de traballo en que o profesor expón os principais contidos teóricos que garantan que o alumnado adquira unha base epistemolóxica adecuada sobre a fenomenoloxía da variación lingüística e os contidos teóricos fundamentais.
Obradoiro	Nestas sesións, o alumnado realizará actividades de diferente tipoloxía destinadas á consolidación dos contidos presentados nas sesións maxistras, ben como das destrezas e das estratexias relacionadas cos obxectivos e contidos da materia. Contémpanse, entre outras, a realización de comentarios de textos, as prácticas a través de TIC ou estudos de casos.
Lecturas	Cada estudante deberá obrigatoriamente ler durante o curso unha serie de textos, os cales serán seleccionados polo profesor. Nas aulas contémpanse diversas actividades relacionadas con estas lecturas: elaboración de fichas, debates, exposición dos contidos, etc. Algunha delas pode entrar na proba mixta.
Traballos tutelados	Cada estudante deberá elaborar un traballo, dirixido polo profesor, escollido entre diversas propostas presentadas no inicio de curso sobre diferentes aspectos ou cuestións de variación lingüística.
Proba mixta	Na proba mixta, cada estudante debe demostrar que ten asimilados os contidos a través dun exercicio que, entre outras posibilidades, combinará preguntas (longas e/ou breves) de carácter ensaístico con probas de comentario.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	A atención personalizada nortéase cara á orientación dos traballos tutelados (tema, focaxe, bibliografía adecuada etc.) e á solución de dúbidas e lacunas que o alumnado puiden presentar. A orientación será realizada de forma individualizada e persoalmente, aínda que tamén poderán ser facilitadas indicacións escritas.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Obradoiro	A10 A15 B8	Realización de actividades prácticas derivadas das sesións maxistras (comentarios de texto, discusión de casos etc.).	20
Proba mixta	A15 A25 A26 B5	Nesta proba, o alumnado deberá desenvolver temas e/ou preguntas relacionadas cos contidos vistos nas aulas, combinados con probas de tipo práctico.	40
Lecturas	A10 B1 B3 B5	Lectura reflexiva dos materiais bibliográficos indicados polo profesorado. Eventualmente poderán ser solicitados breves resumos ou fichas de lectura.	15
Traballos tutelados	A15 B1 B2 B3 B5 C7 C8	Neste tipo de probas serán tidos en conta como valores da cualificación o correcto desenvolvemento do tema proposto, a clareza expositiva e argumentativa e a calidade lingüística.	25

Observacións avaliación



Cuestións xerais:

1. Para superar a materia, o alumnado deberá conseguir globalmente unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10. Na proba mixta terá de obter como mínimo 4 puntos sobre 10 para poder sumar os restantes elementos de avaliación.
2. O alumnado terá de entregar os traballos e actividades no prazo fixado, os cales deberán cumprir unha exixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia sintáctica, ausencia de reiteracións, precisión lexica, rexistro formal etc.); no caso de deficiencias lingüístico-expresivas, estas poderán ser penalizadas na cualificación, segundo o documento Exixencias mínimas de corrección lingüística (aprobado pola Sección Departamental de Galego-Portugués no día 06.07.2018 e pendurado en Moodle).
3. O alumnado con matrícula parcial e/ou dispensa académica deberá realizar e entregar as mesmas probas e exercicios que o restante. Se non puiden asistir ás titorías, deberá pórse en contacto co profesor a través do correo electrónico. Tamén deberán pórse en contacto co profesorado aquelas persoas cuxo horario laboral for incompatible co seguimento da materia, mais que non cumprisen as condicións para obter a dispensa académica; após as pertinentes comprobacións, poderán ter condicións de avaliación equivalentes aos casos da dispensa académica.
4. Na segunda oportunidade, en xullo, será tida en conta a seguinte distribución: proba mixta (50), traballo tutelado (30), lecturas (20). Se houber convocatoria adiantada de decembro, os criterios de avaliación serán os mesmos que os de xullo.
5. A cualificación de NON PRESENTADO/A será considerada cando o/a alumno/a non realizar a proba mixta e/ou cando tiver entregado menos de 50% do número de actividades totais.

Aviso importante: Os traballos presentados polo alumnado poderán ser incorporados ao Turnitin, ferramenta para a detección do plaxio e de traballos previamente presentados nesta ou noutras universidades, inclusive pola/o mesma/o estudante. Se se producir algunha destas circunstancias, poderán ser aplicadas as medidas contempladas nas Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e de mestrado universitario da Universidade da Coruña (artigo 14.4).

Fontes de información



<p>Bibliografía básica</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Álvarez, R. et al. (eds.) (2005). Norma lingüística e variación. Unha perspectiva desde o idioma galego. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega - Barbosa, P. (coord.) (2014). Perfil Sociolingüístico da Fala Bracarense. Braga: Universidade do Minho - Beaud, S. et. al. (2007). Guia para a Pesquisa de Campo. Produzir e Analisar Dados Etnográficos. Petrópolis: Vozes - Biber, D. (1988). Variation across Speech and Writing . New York / New Rochelle / Melbourne / Sidney: Cambridge University Press - Britain, D. et. al. (eds.) (2003). Social Dialectology. In Honour of Peter Trudgill. Amsterdam / Philadelphia: John Benjamins Publishing Company - Chambers, P. et al. (1994). La dialectología . Barcelona: Visor - Cintra, L. F. Lindley (1995). Estudos de Dialectologia Portuguesa . Lisboa: Sá da Costa - Gärtner, E. et al. (eds.) (2000). Estudos de Geolingüística do Português Americano. Frankfurt: TFM - Fernández Rei, F. et al. (1996-). A nosa fala. Bloques e áreas lingüísticas do galego. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega - Fernández Rei, F. (2001 [1990]). Dialectoloxía da lingua galega . Vigo: Xerais - Francis, F. N. (1989 [1983]). Dialectology. An introduction . London: Longman - Freixeiro Mato, X. R. et al. (2005). A lingua literaria galega no século XIX. A Coruña: Universidade da Coruña - Martins, A. M. (coord.) (2010). Corpus Dialectal para o Estudo da Sintaxe (CORDIAL-SIN). Lisboa: Universidade de Lisboa - Mollica, M. C. et al. (2003). Introdução à Sociolingüística. O tratamento da Variação. São Paulo: Contexto - ILG [Instituto da Lingua Galega] (1990-2015). Atlas Lingüístico Galego. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza - ILG [Instituto da Lingua Galega] (2016). Arquivo do galego oral. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega - Sánchez Rei, X. M. (2011). Lingua galega e variación dialectal. Ames: Laidvento - Vasconcellos, J. Leite de (1928). Opúsculos. Vol. II. Dialectologia . Coimbra: Universidade de Coimbra - Vasconcellos, J. Leite de (1985). Opúsculos. Vol. VI. Dialectologia . Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda - Vasconcellos, J. Leite de (1987 [1901]). Esquise d'une Dialectologie Portugaise . Lisboa: Instituto de Investigação Científica - () . . <p>Obras de lectura obrigada:1. Sánchez Rei, Xosé Manuel (2011): "Dialectoloxía, filoloxía e lingüística. Dialectoloxía e lingüística histórica", en Lingua galega e variación dialectal. Santiago de Compostela: Edicións Laidvento, pp. 465-511.2. Cintra, Luís F. Lindley ([1964-71] 1983): "Nova proposta de clasificación dos dialectos galego-portugueses", en Estudos de Dialectologia Portuguesa. Lisboa: Sá da Costa, pp. 117-163.3. Raposo, Eduardo B. P. et alii (2013): "Variedades dialetais do português europeu", en Gramática do Português. Lisboa: Fundação Calouste Gulbenkian, pp. 85-142.4.a) Raposo, Eduardo B. P. et alii (2013): "O português do Brasil", en Gramática do Português. Lisboa: Fundação Calouste Gulbenkian, pp. 143-154.b) Raposo, Eduardo B. P. et alii (2013): "O português em África", en Gramática do Português. Lisboa: Fundação Calouste Gulbenkian, pp. 155-178.</p>
<p>Bibliografía complementaria</p>	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións



(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías